

O supermercado

Xabier Campos

Tradución de X. M. Rivas



Xabier Campos

O supermercado

Versión galega de X. M. Rivas

"No que tal vez sexa a véspera dunha espantosa imposición de morte e destrución sobre a poboación de Iraq –unha poboación, hai que engadir, da que máis do 50% é menor de 15 anos–, O Senado de Estados Unidos permanece calado. O Senado de Estados Unidos segue traballando como se non pasara nada. Verdadeiramente estamos camiñando sonámbulos pola historia"

Russel Byrd, senador norteamericano, febreiro de 2003

Hoxe non vou falar da guerra contra Iraq
Senón dun supermercado
Cheo das máis diversas comidas, inimaxinables,
Necesarias e non necesarias, froitas dos máis apartados
recantos do planeta, arroces de tódolos tamaños, brancos
e de cores variados, os que producían os indíxenas
norteamericanos, os que producían fai milenios os chinos en Asia,
os hindús nos seus xantares aromáticos e sensuais,
porque todo o mundo sabe que o Kama Sutra
se escribiu despois de xantar ben
aquí viven as mazás recendentes de diferentes cores e sabores,
esas que nalgúns partes do mundo non se viron como se ven

neste supermercado, as que en Cuba son obxectos de ouro,
que xamais se deron alí pero si a súa doce cana de azucre,
que tamén está aquí neste supermercado,
e as uvas de Chile, rosadas e negras, brancas e xigantes
como olivas de Sevilla, tamén os queixos de Francia,
de Alemaña, do chuvioso Oregon, verduras que veñen
de China, Malasia, Madagascar, Vietnam,
ou de América Central o recendente cilantro ou o ají poderoso de
Oaxaca, a cervexa de Polonia, Rusia ou Nova York,
o ron de Nicaragua ou o máis delicioso "Habana Club" de Cuba,
os xamóns do país Vasco, as laranxas xigantes
de Florida e as de Andalucía, os tomates de Guadalaxara,
as cebolas chilenas para o cerviche peruano,
o pan feito de cereais infinitos deixan o arrecendo a casa quente
e fraterna, o pan de cada día está aquí cada hora,
sempre, ninguén pasará fame neste supermercado,
e o viño de Chile, de Arxentina, Galicia, Australia, Alemaña,
Hungría y de California,
todo está aquí neste xardín, todo
para as nosas necesidades e as necesidades
que non necesitamos, pero tamén as necesidades que soñamos
aquí nos estantes ao alcance da man
están os froitos do universo, tranquilos e apracibles,
dispoñibles, a xente que camiña por este supermercado
cre que estes lugares marabillosos
están en tódalas partes do mundo,
mesmo nos máis apartados lugares de Iraq
este lugar é o Xardín do Edén

pero o Edén estivo historicamente
en Babilonia, moi cerca de Bagdad,
a que fora unha das cidades máis fermosas de Oriente
e os seus xardíns colgantes contábanse
entre a sete marabillas do mundo.
porque Bagdad tamén foi a cidade onde nada máis ca alí
puideron inspirarse as historias
de "As mil e unha noites" despois que os amantes
comeron e beberon enchendo o corazón de amor e pracer,
pero máis ao sur de Bagdad estaba a cidade de Ur,
fundada no ano 4000 a. C. Onde naceu o patriarca Abraham,
venerado por xudeus, cristiáns e mahometanos
pero ninguén pensa neste supermercado que millóns de bombas
caen neste momentos sobre esa antiga Mesopotamia,
("o berce das primeiras civilizacións humanas do vello
mundo", di a mesmísima Enciclopedia Británica);
pero neste supermercado tampouco ninguén pensa na guerra
nin na antiga Mesopotamia, nin no patriarca Abraham
nin nos contos de "As mil e unha noites"
nin nas bombas nucleares
nin en millóns de mortos que van caer alí coma insectos
polo aire contaminado, polo fume con uranio das bombas,
impurificando as augas, os xardíns, os campos, os vales,
os ríos e os golfos, e tódalas sementes
para producir estes fermosos produtos deste supermercado
apracible, solitario e con música ambiental
porque a terra será convertida alí, por moito tempo,
en partículas de uranio ou bañadas por billóns de galóns

de petróleo cru
nesta Cornucopia xigantesca –ou no corno da abundancia–
ninguén sabe qué significa a guerra
porque esa palabra non se pronunciou xamais entre estas
verduras, entre estes preciosos cereais,
os milleiros de sacos con milleiros de grans de aromáticos cafés,
os mananciais de leite con moita graxa,
con pouca graxa ou sen graxa,
as variadas carnes, os peixes saborosos de tódolos ríos
e mares do planeta, o pracer de comer uvas
en calquera tempo do ano,
degustar os viños incontaminados e despois facer o amor
ou sexa, ter a vida case perfecta;
eu non quería falar da guerra neste momento
senón deste supermercado onde
cada día paso a buscar os meus alimentos necesarios
alegre
feliz
e sen mencionar nunca
a palabra
GUERRA.
-
-

Nota:

O poema "O supermercado" pertence ó libro inédito que se publicará en 2005 en Chile.